



RESOLUCIÓN DO DIRECTOR XERAL DO IGAPE QUE AUTORIZA O ALLEAMENTO EN POXA PÚBLICA Ó ALZA DE DOUS INMOBLES E APROBA AS BASES REGULADORAS.

Ao abeiro do artigo 72 do Decreto 50/1989 que aproba o regulamento para a execución da Lei de Patrimonio de Galicia, publicouse no Dog núm 147 do 3 de agosto a apertura dun prazo de 3 meses para a recepción de ofertas para a venda en cuarta poxa de determinados inmobles propiedade do Igape.

Finalizado o dito prazo, presentouse oferta para os seguintes inmobles:

1.- NAVE SITA EN VILAXOAN (VILAGARCÍA DE AROUSA) - PONTEVEDRA

Natureza da finca: nave industrial

Datos rexistrals: finca rexistral nº 14.661. Inscrita no Rexistro da Propiedade de Vilagarcía de Arousa: Tomo 891, Libro 309, Folio 67, Alta 20. IDUFIR: 360210001025248. Municipio: Vilagarcía de Arousa. Natureza da finca: urbana, Nave industrial, Obra nova terminada. Cota de participación: 100%.

Localización: Rúa Veiga do Mar, nº 39 (Vilaxoán) Vilagarcía de Arousa. Código Postal 36611.

Superficie: 13.219 m². Superficie construída: 2.971,29 m²

Lindeiros: Norte, camiño; Sur, herdeiros de Alfonso Ozores; Este, Ramón Tourís; e Oeste; Praia mar.

Descrición: terreo no que existen dúas naves:

- Unha nave de superficie de 1.631,29 m²
- Unha nave de superficie de 1.300 m²
- Unha casiña duns 40 m², de planta baixa e
- Un transformador

2.- CONXUNTO DE NAVES INDUSTRIAIS SITA EN LUGO

Natureza da Finca: Conxunto de naves industriais

Datos Rexistrals: Finca rexistral 104.120, inscrita no Rexistro da Propiedade nº1 de Lugo, tomo 1552, libro 1113, folio 152.

Localización: Lugar Barcia, polígono 342, parcela 421, Sta Eulalia de Mazoi, Lugo. Código Postal 27290.

Superficie Terreo: 26.837m²

Superficie construída 5.759m²

Vista a proposta da Xerencia do Igape,



RESOLVO

1.- Aprobar o prego de condicións da poxa, informado favorablemente pola asesoría xurídica da Xunta.

2.- Autorizar a convocatoria da poxa pública e a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e nun xornal de máxima difusión en Galicia.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director xeral

Fernando Guldrís Iglesias